

Unha nova combinación en *Santolina* L. (Compositae)

J. RODRÍGUEZ-OUBIÑA & S. ORTIZ

Laboratorio de Botánica. Facultade de Farmacia. Universidade de Santiago
15706 Santiago de Compostela. Galicia. España

(Recibido, junio de 1998. Aceptado, julio de 1998)

No extremo sur do afloramento principal de rochas ultrabásicas das proximidades de Melide (A Coruña, Galicia) hai unhas poboacións illadas dun abrótno que estan alonxadas das máis próximas que habitan en zonas mediterráneas do NO ibérico, correspondentes a *Santolina semidentata* Hoffmanns. & Link (= *S. rosmarinifolia* L. subsp. *semidentata* (Hoffmanns. & Link) Valdés Bermejo). LAÍN (1967) dá a coñecer por primeira vez a súa presenza nesta área, referíndoas a *Santolina rosmarinifolia* L. (*sensu lato*) e con posterioridade nós as identificamos como *Santolina rosmarinifolia* subsp. *semidentata* (RODRÍGUEZ-OUBIÑA & ORTIZ, 1991), aínda que xa observabamos certos caracteres discordantes cos desta subespecie. Como resultado dun estudo taxonómico das mesmas (RODRÍGUEZ-OUBIÑA & ORTIZ, 1993), comprobamos que correspondían a un taxon diferente para o que propuxemos o nome de *Santolina rosmarinifolia* L. subsp. *melidensis* Rodr. Oubiña & Ortiz. Despois dunha recente revisión e dacordo cos criterios taxonómicos establecidos por LÓPEZ UDÍAS *et al.* (1997) para o agregado *Santolina rosmarinifolia* L., concluímos que as devanditas poboacións melidenses deben ser consideradas unha especie autónoma. Ao non dispor de nome no rango específico propomos a seguinte combinación.

Santolina melidensis (Rodr. Oubiña & S. Ortiz)
Rodr. Oubiña & S. Ortiz **comb. nov.**

S. rosmarinifolia subsp. *melidensis* Rodr. Oubiña
& S. Ortiz in Bot. J. Linn. Soc. 111: 458
(1993) [basión.]

S. semidentata subsp. *melidensis* López Udías,
Fabregat & Mateo in Anales Jard. Bot. Madrid 55(2): 293 (1997)

Polos seus caracteres e aspecto xeral o taxon máis próximo a *Santolina melidensis* é efectivamente *Santolina semidentata* Hoffmanns. & Link. Sen embargo existen entre ambas destacables diferencias en determinados caracteres considerados como moi importantes para o agregado *Santolina rosmarinifolia* L. (cf. LÓPEZ UDÍAS *et al.*, 1997: 287). Destacan, entre outros, o hábito postrado con ramos fértiles patentes e diverxentes, a glabrescencia, o reducido nº de lóbulos dos diferentes tipos de follas e a escasa pilosidade das escamas receptaculares de *Santolina melidensis* fronte ó hábito erecto con ramos fértiles máis ou menos erectos, a pilosidade xeral e das escamas receptaculares de *S. semidentata*. Estes e outros caracteres que diferencian ambas especies indícanse con detalle no anterior traballo (RODRÍGUEZ-OUBIÑA & ORTIZ, 1993: 460).

Outro aspecto a destacar é o referente á ecoloxía de *Santolina melidensis* que habita exclusivamente sobre solos esqueléticos nos que o subtrato está constituído por rochas ultrabásicas (serpentinitas, piroxenitas, peridotitas, etc.), estando especialmente adaptada a este hábitat. Nese medio cohabita con diversos serpentínófitos, sendo tamén algúns deles endémicos (ou subendémicos) de dito afloramento, constituindo unha comunidade vexetal de extraordinario interese, a ass. *Sagino merinoid-Plantagnetum radicatae* Rodríguez-Oubiña & Ortiz 1991. Os experimentos de cultivo empregando outro tipo de substratos - que comezaron a levarse a cabo en 1990- puxeron de manifesto que este abrótno mantén os caracteres ó ser cultivado sobre substratos silíceos ou calcáreos. Sen embargo o seu




Fig. 1. Distribución de * *Santolina melidensis* y de ● *Santolina semidentata* en Galicia

desenvolvimento foi deficiente sobre ditos substratos e non sobreviviu mais de cinco ciclos vexetativos, mentres que, como era de esperar, o seu desenvolvemento foi normal sobre terra transportada do seu hábitat natural. Debe indicarse así mesmo que os nosos experimentos de hibridación desta especie con *Santolina semidentata* e con *Santolina rosmarinifolia* deron resultados negativos.

Unha última consideración de especial relevancia é a referente á localización das poboacións de *Santolina melidensis*, illadas no extremo meridional do afloramento de rochas ultrabásicas da área de Melide (Fig. 1), emplazado no piso colino do sector Galaico-Portugués, Provincia Cántabro-Atlántica, rexión Eurosiberiana (segundo a proposta de RIVAS-MARTÍNEZ, 1998). Estas poboacións están moi alonxadas das máis próximas de *Santolina semidentata*, ubicadas nos concellos de Quiroga e Pobra de Trives (Ourense), emplazados fundamentalmente no piso mesomediterráneo do sector Orensano-Sanabriense, provincia Carpetano-Ibérico-Leonesa, rexión Mediterránea, sendo por tanto a distribución deste último taxon moito máis restrinxida do indicado por LÓPEZ UDÍAS *et al.*, 1997: 292, polo menos no referente ao territorio galego.

AGRADECEMENTOS

Este traballo foi financiado polo proxecto XUGA20315B96 outorgado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O material cultivado foi cuidadosamente atendido por Asunción Bustelo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- LAÍN, M. (1967). Aportaciones al conocimiento de la flora gallega, V. *An. Inst. Forestal Invest. y Exper.*, **12**: 1-51.
- LÓPEZ UDÍAS, S., FABREGAT, C. & MATEO, G. (1997). *Santolina ageratifolia* Barnades ex Asso (*Compositae*) y el agregado *S. rosmarinifolia* L. *Anales Jard. Bot. Madrid*, **55**(2): 285-296.
- RIVAS-MARTÍNEZ, S. (1987). *Memoria del mapa de las series de vegetación de España (1:400.000)*. ICONA, Serie Técnica. Madrid.
- RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. & ORTIZ, S. (1991). Los pastizales pioneros vivaces de los suelos serpentínicos del NO ibérico. *Lazaroa*, **12**: 333-344.
- RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. & ORTIZ, S. (1993). A new subspecies of *Santolina rosmarinifolia* L. (Asteraceae) from serpentine soils in Central Galicia (NW Iberian Peninsula). *Bot. J. Lin. Soc.*, **111**: 457-462.